

10 Febreiro de 2014 - Revista 956

Revista Se manal

da Rede Galega de Información Xuvenil



EN PORTADA / 2

NOVAS FORMACION / 5

BOLSAS E AXUDAS / 9

PREMIOS E CONCURSOS / 10

NOVAS DE EMPREGO / 12

NOVAS DAS CASAS DE XUVENTUDE E OMIX / 13

EN PORTADA

O Plan de Formación de Xuventude chegará este ano a 20.000 mozos galegos a través de 76 cursos

Martes, 04 Febreiro 2014 13:54

- A iniciativa da *Consellería de Traballo e Benestar* inclúe a impartición de 3.000 horas de formación en educación non formal e voluntariado.

- A temática das accións formativas varían desde o fomento do tecido asociativo ata linguaxe de signos ou acompañamento a vítimas de violencia de xénero.

- Os cursos serán presenciais, semipresenciais e a distancia co obxectivo de que todos os mozos e mozas poidan ter acceso a eles pese ás barreiras xeográficas, de traballo ou de conciliación familiar.

O **Plan de Formación de Xuventude** da *Consellería de Traballo e Benestar* ofertará este ano aos mozos e mozas galegos un total de 20.000 prazas a través de 76 cursos de diferentes temáticas divididos en dous eidos: xuventude e educación non formal e voluntariado.

En total, impartiranse 3.000 horas de formación.

Haberá cursos presenciais, semipresenciais e a distancia para facilitar o acceso á formación a todos os mozos e mozas pese ás barreiras xeográficas, de traballo ou de conciliación familiar. Os interesados en participar nesta iniciativa poden xa obter toda a información na web <http://xuventude.xunta.es>.

En xuventude e educación non formal haberá 47 cursos diferentes, 33 presenciais ou semipresenciais e 14 en liña con preto de 7.000 prazas. As horas de formación sumarán en global 2.402. Para a *Consellería de Traballo e Benestar* a educación non formal é unha parte fundamental da formación integral dos mozos e mozas, xa que permite adquirir valores, normas de vida, opinións e coñecementos que facilitan a participación na sociedade.

No eido do voluntariado ofertaranse 21 cursos por internet e 8 presenciais cun total de 574 horas de formación que está previsto que cheguen a 13.000 alumnos e alumnas. Neste ámbito haberá formación en lingua de signos, de acompañamento a vítimas de violencia de xénero, no eido penitenciario, ambiental ou para maiores. Están programados tamén cursos de monitor de integración e atención a persoas con discapacidade, de riscos laborais ou guía do patrimonio natural e cultural.

En xuventude destacan as accións formativas que se organizarán desde a *Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil*. Inclúe desde accións de fomento do tecido asociativo, de organización e xestión de dinamización para a mocidade ata inglés para viaxar. Os centros **Quérote +**, pola súa banda, acollerán cursos de mediación familiar e escolar, de convivencia coa mocidade ou de intervención afectivo-sexual coa xuventude.

Ademais, nesta edición 2014 do **Plan de Formación**, os técnicos de xuventude, a mocidade galega en xeral e os voluntarios terán a súa disposición un conxunto de accións formativas enfocadas á adquisición de coñecementos, reciclaxe e actualización das distintas temáticas que se van abordar nos diferentes cursos.

Un total de 21 equipos de secundaria de toda Galicia participan esta fin de semana na fase preliminar de Parlamento Xove

Venres, 07 Febreiro 2014 10:07

Nesta edición a temática elixida é a igualdade e a prevención da violencia de xénero e así os debates preliminares xirarán sobre a interrogante: "¿Sofren as novas xeracións un retroceso sexista e na tolerancia ás diferenzas persoais?"

Parlamento Xove conta con dúas categorías diferenciadas por idades, unha para alumnado de 3º e 4º de Educación Secundaria e outra para o de 1º e 2º de Bacharelato.

Dos 21 equipos que competirán nesta xornada preliminar, dous serán os que debaterán na final que terá lugar o 26 de abril no hemiciclo do Parlamento de Galicia.

Un total de 21 equipos de 3º e 4º de Educación Secundaria Obrigatoria de 16 centros de ensino de toda Galicia participan esta fin de semana no Pazo de Mariñán (Bergondo – A Coruña) na fase preliminar de **Parlamento Xove**, unha iniciativa da *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado*, da *Consellería de Traballo e Benestar*, que pretende potenciar o diálogo como ferramenta para argumentar as ideas propias entre a mocidade galega.

Trátase dunha competición de debate na que os equipos representantes de centros educativos empregan a oratoria para defender un determinado posicionamento acerca dun tema proposto pola organización. Os participantes de cada equipo (formado por catro alumnos e un profesor) investigarán, escribirán e, finalmente, debaterán sobre o tema proposto, incluíndose tamén a realización dun dossier de investigación. Nesta edición a temática elixida é a igualdade e a prevención da violencia de xénero e así os debates preliminares xirarán sobre a interrogante: "¿Sofren as novas xeracións un retroceso sexista e na tolerancia ás diferenzas persoais?"

A dificultade da actividade está en que só cinco minutos antes de cada encontro dialéctico procédese ao sorteo da postura a adoptar por cada equipo, "*a favor*" ou "*en contra*", en relación á cuestión formulada. Os equipos levaron a cabo un labor de investigación previo e agora contraponen e discuten datos e ideas.

Parlamento Xove conta con dúas categorías diferenciadas por idades, unha para alumnado de 3º e 4º de Educación Secundaria e outra para o de 1º e 2º de Bacharelato.

Esta fin de semana na categoría de 3º e 4º de Educación Secundaria Obrigatoria nesta fase preliminar participan un total de 21 equipos de 16 centros de ensino. Deste xeito, cun equipo participa: *Colexio La Salle* (Santiago), *CPI de Xanceda* (Mesía), *CPI Conde de Fenosa* (Ares), *IES Pontepedriña* (Santiago), *IES Antonio Fraguas* (Santiago), *Colexio Padres Escolapios Calasanz* (A Coruña), *Colexio Internacional Sek Atlántico* (Poio), *IES Pintor Colmeiro* (Silleda), *IES A Pinguela* (Monforte), *CPI de Castroverde*, *IES Monte Castelo* (Burela). E con dous equipos cada centro participan: *IES de Mugardos*, *IES Eduardo Pondal* (Santiago), *IES de Rodeira* (Cangas), *Colexio Filipense Sagrada Familia* (Vilagarcía de Arousa) e *Colexio Galén* (Lugo).

Dos 21 equipos que competirán nesta xornada preliminar, dous serán os que debaterán na final que terá lugar o 26 de abril no hemiciclo do Parlamento de Galicia. O tema para o debate final será anunciado pola organización na web <http://www.xuventude.xunta.es>. Así mesmo ese mesmo día terá lugar o debate final entre os oito equipos da categoría de 1º e 2º de Bacharelato.

A próxima fin de semana terá lugar a segunda quenda de debates coa fase preliminar dos equipos de 1º e 2º de Bacharelato. Os debates celebraranse na sede da *Deputación da Coruña*.

En canto aos premios, o gañador de categoría de Educación Secundaria disfrutará dunha semana de ocio educativo e o equipo gañador de Bacharelato terá como premio unha viaxe valorada en 5.000 euros.

Parlamento Xove, como actividade na que participa alumnado e profesorado de centros educativos, contribúe ao desenvolvemento de practicamente todas as competencias básicas: competencia lingüística, nos seus catro ámbitos (expresión oral e escrita; e comprensión oral e escrita); competencia matemática: en todos os debates manexan datos e porcentaxes que avalan a súa argumentación; tratamento da información e competencia dixital; competencia social e cidadá: contribúe á convivencia dado que o traballo realízase en equipo; competencia cultural e artística: nos debates esíxese o emprego de figuras estilísticas e capacidade de retórica; e competencia para aprender a aprender e iniciativa persoal.

Estadía dos/as participantes galegos en Asturias dentro do programa 'Imagina Atlántica 3.0'

Venres, 07 Febreiro 2014 17:32

Programa de intercambios de mozos e mozas profesionais na arte dixital (estadías de mozos e mozas profesionais).

Do 3 ao 6 de febreiro levouse a cabo en Asturias o segundo encontro de mozos e mozas galegos dentro do programa **"Imagina Atlántica 3.0"**.

Desta vez, foron 5 os /as participantes galegos neste programa, cinco mozos e mozas de diferente procedencia e con diferentes orixes disciplinarias: unha produtora de cine, unha xornalista especialista en imaxe e son, unha estudante de realización audiovisual e dúas



licenciadas en administración e dirección de empresas que pretenden por en marcha un proxecto de app`s para móbiles.

Pola súa banda, a coordinación dos traballos en Asturias estiveron a cargo do *Clúster Audiovisual de Asturias* e da *Oficina de programas Europeos e Internacionais* do Concello de Avilés.

Durante os días que durou a estadía en Asturias os/as participantes galegos visitaron as tres cidades máis importantes de Asturias nas que tomaron contacto cos proxectos empresariais que destacan nestes intres no Principado.

A estadía comezou o 3 de febreiro en Xixón cunha visita ás instalacións do Canal10, unha televisión local que na actualidade aínda traballa con equipos analóxicos, e na que os/as mozos/as galegos asistiron á gravación en directo do programa deportivo do Canal.

A primeira xornada da estancia proseguiu cunha visita á empresa Malvado Sound Lab, onde os/as participantes galegos coñeceron un proxecto de audioguiado da man do seu director.

No segundo día os mozos/as galegos desprazáronse ata Oviedo. Visitaron e tomaron contacto cos proxectos de dúas empresas: *Tabú Produccións*, unha produtora con destacada relevancia no Principado de Asturias, e *Proima - Zebrastur*, produtora que sobre todo nutre de contidos á televisión asturiana. Nos dous casos estiveron nos estudos de gravación e nos departamentos de redacción e, ao igual que en Xixón, compartindo as experiencias con profesionais do audiovisual asturiano.

O terceiro día da estadía, mércores 5, será na localidade de Avilés, na que os/as mozos e mozas galegos visitaron a entidade factoría Cultural, un centro de creatividade, cunha importante traxectoria no Principado. Posteriormente visitaron o *Centro Niemeyer* e a *Axencia de New Media PROUN*, onde coñeceron as novas tendencias do sector.

O xoves 6 de febreiro, acompañados polos técnicos do Concello de Avilés, estiveron en *Enfoque TV* onde o seu director executivo lle amosou as instalacións desta produtora de informativos e deportes especializada que traballa a nivel mundial. Nesta entidade coñeceron os traballos máis avanzados do momento, como é o caso das gravacións con "drones" (helicópteros virtuais). Así mesmo, na produtora asistiron a unha masterclass da man do decano da Facultade de Xornalismo do Principado de Asturias, Mario Bango, quen comentou cos mozos as transformacións do sector do audiovisual en Asturias.

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Consellería de Traballo e Benestar, no marco do programa *Espazo Atlántico*, convocou estas estadías coa finalidade de promover e estimular a innovación e a profesionalización de mozos e mozas galegos dentro dos parámetros da creatividade e o emprendemento.

"Imagina Atlántica 3.0" é un programa de intercambio de mozos e mozas profesionais na arte dixital enmarcado dentro do proxecto *Espazo Atlántico*, territorios creativos e innovadores, recoñecido polo acrónimo **"Imagina Atlántica"**, proxecto que se desenvolve no marco do programa de cooperación transnacional Interreg IV B Espazo Atlántico 2007–2013, financiado polo *Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER)*.

EN PORTADA ➔ NOVAS E ACTIVIDADES

Programa formativo Taller de Ideas: Cara o emprendemento desde a participación

Mercores, 05 Febreiro 2014 00:00

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado pon en marcha o programa formativo **Taller de Ideas: Cara o emprendemento desde a participación**.

Taller de Ideas pretende ser unha ferramenta de traballo, enfocado a mozos e mozas que teñan previsto presentar propostas no marco do programa *Iniciativa Xove*, ou noutros similares de participación xuvenil, e busquen mellorar as súas competencias e destrezas en canto a redacción e execución de proxectos.

O seu obxectivo é a consolidación destes programas como elementos dinamizadores do tecido asociativo, impulsores de iniciativas innovadoras e elementos valiosos no currículo non formal da mocidade.

Os obradoiros están dirixidos a mozos e mozas, animadores xuvenís, técnicos locais de emprego, axentes de desenvolvemento local, concelleiros/as de xuventude, asociacións xuvenís, grupos informais de mozos e mozas, e en xeral a calquera colectivo interesado en programas de participación xuvenil.

Estas xornadas levaranse a cabo dende o 17 de febreiro ao 30 de abril, coincidindo no tempo coa publicación da orde de axudas enmarcadas no programa *Iniciativa Xove*, que financia proxectos xuvenís de ata 4000€.

As solicitudes para que o teu concello acolla un destes obradoiros deberán enviarse vía correo electrónico antes do 14 de febreiro a través de [este formulario](#).

Sesións informativas sobre o proxecto 'Aval Xóvenes' (O traballo dos xóvenes, aval para o futuro dos territorios rurais)



Mercores, 05 Febreiro 2014 08:51

Os vindeiros días 7 e 11 de febreiro terán lugar unhas sesións informativas sobre o proxecto "Aval Xóvenes" enmarcado na estratexia europea de Garantía Xuvenil.

Poderán participar nestas sesións todas as persoas interesadas neste proxecto.

- **Día:** venres 7 de febreiro.
- **Hora:** 12:00 h - 13.00 h.
- **Lugar:** Edificio Multiusos de Melide (Praza da Universidade, s/n - Melide).
- **Día:** martes, 11 de febreiro.
- **Hora:** 12:00- 13.00 h.
- **Lugar:** Centro Uso múltiples de Coristanco (Rúa da Pataca, s/n - Coristanco).

Toda a información sobre a convocatoria do proxecto no seguinte enlace:

<http://xuventude.xunta.es/2014011712353/proxecto-aval-xovenes-o-traballo-dos-xovenes-aval-para-o-futuro-dos-territorios-rurais.html>

Axudas concedidas a entidades xuvenís



iniciativa xove

Xoves, 06 Febreiro 2014 10:26

No DOG do 6 de febreiro publícanse as axudas concedidas desde o programa **Iniciativa Xove** a asociacións xuvenís, a entidades prestadoras de servizos á xuventude e a grupos informais de mozos e mozas.

Máis información no [DOG do 6 de febreiro de 2014](#).

Gañadores de 10 lotes de 2 entradas de preferencia para o fútbol co Carné Xove

Venres, 07 Febreiro 2014 17:40



Os gañadores do sorteo de 10 lotes de 2 entradas para o partido que xogarán a SD Compostela e o **CULTURAL Y DEPORTIVA LEONESA**, o día 16 de febreiro no Estadio Municipal de San Lázaro, son:

1. VERONICA FERNÁNDEZ GONZÁLEZ
2. ANDREA GONZÁLEZ RODRÍGUEZ
3. ÁLVARO GESTO MOSQUERA
4. SABELA PAN TABOADA
5. CECILIA PAMPÍN FRAMIL
6. TAMARA DELGADO GARCÍA
7. SARA CIRA DIZ SÁNCHEZ
8. LUCÍA LÓPEZ RODRÍGUEZ

9. ARACELI SUCASAS BUJONES
10. FERNANDO SEVILLA QUINTELA

Os gañadores recollerán as súas entradas, previa presentación do DNI nas:

- *Oficinas do Club SD Compostela*
Estadio de San Lázaro, porta 15, 1º
Horario: de luns a venres de 10 a 13 ou de 16 a 21 h
- *Na taquilla de preferencia* (Preferencia: entrada por porta 9)

Noraboa!!!

NOVAS FORMACION

CURSOS DA DXXV

Curso de formación para informadores xuvenís Erasmus +

Xoves, 06 Febreiro 2014 08:30

Entidade organizadora: Axencia Nacional Española do programa Erasmus + do Instituto da Xuventude de España.

Obxectivos específicos:

- Dar a coñecer o novo programa *Erasmus +*.
- Dotar aos informadores xuvenís de ferramentas para a información e difusión do novo programa.
 - Desenvolver as tres liñas de acción do novo programa.

Lugar: CEULAJ (Mollina – Málaga).

Datas: do 25 ao 28 febreiro de 2014.

Destinatarios: informadores xuvenís; persoas que traballen no ámbito da xuventude e que a súa labor sexa a de proporcionar información aos xóvenes sobre programas europeos, especialmente o novo programa *Erasmus +*.

Prazas para España: 24.

Data de finalización de presentación de solicitudes: 12 de febreiro de 2014.

Inscripción.- mediante envío da ficha de inscrición que figura no seguinte enlace:

http://www.juventudenaccion.injuve.es/modules/cursos/curso_0101.html

Deberá remitirse unha copia da ficha de inscrición debidamente cuberta ao responsable do programa *Xuventude en Acción da Comunidade Autónoma* (xuventude@xunta.es) de residencia e outra copia á Secretaría administrativa da Axencia Nacional Española (tcp1@injuve.es).

NOVAS FORMACION

OUTROS CURSOS

Carnés e habilitacións profesionais para o ano 2014

Venres, 07 Febreiro 2014 08:07



A Consellería de Educación convoca probas para a obtención de determinados carnés profesionais e habilitacións profesionais no ano 2014:

- Operador/ora industrial de caldeiras.
- Carné profesional en instalacións térmicas de edificios.
- Instalador/ora de gas, categoría A.
- Instalador/ora de gas, categoría B.
- Instalador/ora de gas, categoría C.
- Instalador/ora de produtos petrolíferos líquidos, categoría I.
- Instalador/ora de produtos petrolíferos líquidos, categoría II.
- Reparador/ora de produtos petrolíferos líquidos, categoría III.
- Carné profesional de operador/ora de guindastre torre.
- Carné profesional de operador/ora de guindastre móbil autopropulsado, categoría A.
- Carné profesional de operador/ora de guindastre móbil autopropulsado, categoría B.
- Manipulador/ora de equipamentos con sistemas frigoríficos de calquera carga de refrixerantes fluorados.
- Manipulador/ora de equipamentos con sistemas frigoríficos de carga de refrixerante inferior a tres quilogramos de gases fluorados.
- Manipulador/ora de equipamentos de transporte refrixerado de mercadorías que empreguen menos de tres quilogramos de refrixerantes fluorados.

Prazo de presentación de solicitudes

Para a convocatoria ordinaria, o prazo de presentación de solicitudes será desde o día 10 ao día 21 de febreiro de 2014, ambos os dous incluídos.

Para a convocatoria extraordinaria, o prazo de presentación de solicitudes será desde o día 1 ao día 12 de xullo de 2014, ambos os dous incluídos.

As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es> co procedemento ED527A.

Máis información no DOG do 7 de febreiro de 2014 e en <http://www.edu.xunta.es/fp>

Probas para a o título de graduado en ESO para maiores de 18 anos



Venres, 07 Febreiro 2014 09:28

A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, convoca as probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria para maiores de dezaioito anos, nas convocatorias de maio e setembro.

Centros:

- a) *A Coruña:*
Centro EPA Eduardo Pondal, rúa Pepín Rivero, 3.
IES Rafael Dieste, prol. Manuel Murguía/esq. Rda. de Outeiro.
- b) *Ferrol:*
Centro EPA Santa María de Caranza, rúa Luis de Requeséns, s/n.
- c) *Santiago de Compostela:*
IES San Clemente, rúa San Clemente, s/n.
IES Rosalía de Castro, rúa San Clemente, 3.
- d) *Lugo:*
Centro EPA Albeiros, parque da Milagrosa, s/n.
- e) *Ourense:*
Centro EPA de Ourense, rúa Álvarez de Sotomayor, 4.
- f) *Pontevedra:*
Centro EPA Río Lérez, avenida de Buenos Aires, s/n.
IES Sánchez Cantón, avenida Raíña Victoria.
- g) *Vigo:*
Centro EPA Barbés, rúa Marqués de Valterra, 8-1º.

IES Politécnico, rúa de Torrecedeira, 88.
IES Santa Irene, praza de América, 7.

- h) *O Porriño:*
IES Ribeira do Louro, rúa Ribeira, s/n (Torneiros).
- i) *Tui:*
IES Indalecio Pérez Tizón, avenida da Concordia, s/n.

Os prazos de matrícula serán:

Convocatoria de maio: 24 de marzo ao 4 de abril de 2014, ambos os dous incluídos.

Convocatoria de setembro: 1 ao 10 de xullo de 2014, ambos os dous incluídos.

As probas celebraranse en sesións de mañá e tarde os días 23 de maio e 11 de setembro para as respectivas convocatorias.

A sesión da mañá terá dúas partes: na primeira, das 9.30 ás 12.00 horas, realizarase a proba do ámbito científico-tecnolóxico, que inclúe exercicios das materias de Matemáticas, Ciencias da Natureza e Tecnoloxía, así como aspectos relacionados coa saúde e o medio natural recollidos no currículo da Educación Física.

Na segunda parte, das 12.15 ás 13.15 horas, realizarase a proba do ámbito social, que inclúe exercicios das materias de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, Educación para a Cidadanía e aspectos perceptivos correspondentes ás materias de Educación Plástica e Visual, e Música.


Na sesión da tarde, das 16.00 ás 18.30 horas, realizarase a proba do ámbito da comunicación. Comprenderá os exercicios de:

- a) *Lingua galega e literatura.*
 - a.1) *Exercicio de redacción.* Na valoración da redacción, terase en conta o xeito de estruturar os datos e os feitos, a coherencia da exposición, o vocabulario empregado, o dominio da ortografía e a presentación do escrito.
 - a.2) *Cuestións de Lingua Galega e Literatura.*
- b) *Lingua Castelá e Literatura.*
 - b.1) *Exercicio de redacción.* Realizarase conforme o disposto no punto a.1 para a Lingua Galega e Literatura.
 - b.2) *Cuestións de Lingua Castelá e Literatura.*
- c) *Lingua estranxeira* (inglés ou francés).

As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es> co procedemento ED540A.

Máis información no DOG do 7 de febreiro de 2014 e en www.edu.xunta.es

Título de bacharel para persoas maiores de vinte anos



Luns, 10 Febreiro 2014 07:54

A Consellería de Educación convoca a proba para a obtención do título de bacharel para maiores de vinte anos.

Poderán participar nestas probas as persoas que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Ser maior de 20 anos ou cumprir esa idade no ano natural en que se vai realizar a proba.
- b) Non estar en posesión do título de bacharel ou de calquera outro título declarado equivalente para os efectos académicos.
- c) Non estar a cursar ensinanzas de bacharelato en ningunha das súas modalidades ou réximes nin ter estado matriculado nesas ensinanzas no curso escolar 2013/14.

Os centros onde se pode presentar as solicitudes son os seguintes:

- a) Centro EPA Eduardo Pondal, rúa Pepín Rivero 3, 15003 A Coruña.
- b) IES San Clemente, rúa San Clemente, 15705 Santiago de Compostela.
- c) Centro EPA Albeiros, Parque da Milagrosa s/n, 27003 Lugo.
- d) Centro EPA de Ourense, rúa Álvarez de Sotomaior 4, 32002 Ourense.
- e) Centro EPA Río Lérez, avenida de Bos Aires 26, 36002 Pontevedra.
- f) Centro EPA Berbés, rúa Marqués de Valterra 8-1º, 36202 Vigo.

A proba terá lugar o día 25 de abril de 2014 no IES San Clemente, de Santiago de Compostela.

O prazo de presentación das solicitudes será entre o 17 e o 28 de febreiro de 2014.

As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es> co procedemento ED534A.

Máis información no DOG do 10 de febreiro de 2014 e en <http://www.edu.xunta.es/fp>

NOVAS FORMACION

CURSOS DE TEMPO LIBRE

Curso de Musicoterapia en Santiago de Compostela

Martes, 04 Febreiro 2014 14:24



Duración: 30 horas teórico prácticas (semipresencial)

Prezo: 100€

Prazo de inscrición: ata 10 de febreiro

Datas: 15 e 22 de febreiro e 1 de marzo.

Horario: 15 de febreiro de 16.00 a 21.00h e 22 de febreiro - 1 de marzo, de 09.00 – 14.00h

Lugar: Recursos Galicia. R/Mª Ángeles de la Gándara, 32. Polígono Industrial de Boisaca. Santiago de Compostela.

<http://goo.gl/maps/qugNj>

Cursos de monitor de tempo libre da ETL Cruz Roja

Martes, 04 Febreiro 2014 14:34



A **Escola de Tempo Libre Cruz Roja** vai impartir dous cursos de monitores de actividades de tempo libre:

1º.- En *Santiago de Compostela*
(Av. Lugo s/n) do 7 de marzo ao 18 de maio do 2014 (Tlf: 981 586 969).

2º.- Na *Coruña*
(C/ Joaquín Planells; s/n) do 7 de marzo ao 18 de maio do 2014 (Tlf. 981 169 163).

Curso de Director de Tempo Libre en Santiago

Martes, 04 Febreiro 2014 14:40



Modalidade: Presencial.

Lugar de celebración: aulas de Etl Recursos, M^a Ángeles de la Gándara, 32, Polígono de Boisaca, Santiago.

Data límite de preinscricións: 07/03/2014.

Datas: desde o 15 de marzo ata o 10 de maio de 2014.

Horario: de 9 a 14h e de 15.30 a 20.30 h.

Prezo: 240€ (2 prazos de pago)

Máis información:

- Pasar polas oficinas da Escola de Tempo Libre Recursos (Polígono de Boisaca)
- Chamar ao teléfono: 981 558 374
- No fax: 981 526 905
- Por correo electrónico: etl@recursosgalicia.es
- No FB: <https://www.facebook.com/RecursosEscolaTempoLibre>

Curso de monitor de tempo libre da ETL Naturmaz

Martes, 04 Febreiro 2014 14:47



A **Escola de Tempo Libre Naturmaz** vai impartir un curso de monitores de actividades de tempo libre en Vimianzo e Corcubión do 08/03/2014 ao 15/06/2014.

Máis información:

Web: www.naturmaz.com

Teléfono: 610 550 524

Curso de Monitor de Tempo Libre en Lugo

Martes, 04 Febreiro 2014 14:51



A **Escola de Tempo Libre Bugallo** vai impartir un curso de monitores de actividades de tempo libre en Lugo (R/San Roque nº 4 baixo) do 08/02/2014 ao 17/04/2014.

Máis información:

Teléfono: 982 804 773

Curso de Monitor de Tempo Libre en Arteixo

Martes, 04 Febreiro 2014 14:55



Entidade: Escola de Tempo Libre Recursos.

Modalidade: Presencial.

Lugar de celebración: Aula da Natureza "o Muíño", en Arteixo.

Datas: do 30 de abril ao 20 de xuño de 2014.

Horario: de 15 a 21h, de luns a venres.

Máis información:

- Pasar polas oficinas da Escola de Tempo Libre Recursos (Polígono de Boisaca).
- Chamar ao teléfono: 981 558 374.
- No fax: 981 526 905.
- Por correo electrónico: etl@recursosgalicia.es
- No FB: <https://www.facebook.com/RecursosEscolaTempoLibre>

BOLSAS E AXUDAS MOBILIDADE

Bolsas Fundación Ramón Areces para Estudos de Posgrao

Mercores, 05 Febreiro 2014 09:33

A **Fundación Ramón Areces** concederá 22 Bolsas para a realización de estudos en universidades e centros de investigación no estranxeiro, durante o curso 2014/2015, sobre temas de:

Economía, nas áreas de: economía pública, historia económica, política económica, economía da empresa, distribución comercial, economía internacional, economía da educación Dereito da UE.

Duración mínima: un ano académico susceptible de prórroga, que estará suxeita á decisión do Patronato da Fundación Ramón Areces, previa solicitude do interesado.

Dotación económica: 1.650 euros mensuais.

Prazo de presentación de solicitudes ata o 28 de febreiro de 2014.

Máis información: <http://www.fundacionareces.es/fundacionareces/cargarAplicacionAgendaEventos.do?idTipoEvento=3&identificado r=1610&nivelAgenda=2#requisitos>

BOLSAS E AXUDAS OUTRAS

5 bolsas para os campamentos do verán de 2014 Rock Camp 2014



Martes, 04 Febreiro 2014 07:44

Acampalia convoca 5 bolsas para os campamentos do verán de 2014, unha por cada un dos instrumentos que participan en *Rock Camp*, (voz, guitarra, baixo, batería e teclado).

Destinatarias/os: mocidade entre 11 e 17 anos.

A concesión das bolsas responde a criterios de orixinalidade e creatividade. As participantes deben demostrar a súa valía a través da grabación dunha actuación musical.

A dotación económica das becas inclúe a matrícula do campamento e todos os materiais didácticos e lúdicos.

Data límite: 30 de marzo de 2014.

Máis información: <http://www.rockcamp.es/beca/>

IV edición 'Momentum Project'

Mercores, 05 Febreiro 2014 08:43



Momentum Project é unha iniciativa de BBVA e ESADE, que conta coa colaboración de PwC e está dirixida a promover e dar visibilidade ao sector do emprendemento social no mundo.

Momentum Project España abre esta convocatoria para identificar 10 emprendementos sociais que demostren a súa viabilidade, capacidade de impacto e potencial de crecemento e escalabilidade.

Dirixido a: empresas que susciten iniciativas innovadoras e sostenibles que contribúan á resolución de retos sociais e medioambientales enmarcados dentro dalgunha dos seguintes *sectores de impacto*: acceso a vivendas, agricultura orgánica, axuda á dependencia, comercio xusto e/ou local, desenvolvemento educativo, desenvolvemento rural/local, inclusión laboral (emprego), loita contra a pobreza, mellora do medio ambiente, participación/conciencia cidadá, reciclaxe de produtos, outros...

A participación en **Momentum Project** brinda a oportunidade a cada emprendemento social seleccionado de acceder a un acompañamento profesional e a un apoio formativo valorado en máis de 50.000 euros por participante, así como a un plan de comunicación conxunto que na pasada edición estivo valorado en máis de 100.000 euros.

Data límite: 17 de febreiro de 2014.

Máis información páxina web (www.momentum-project.org) ou contactar por e-mail a través de contacto@momentum-project.org

Bolsas para estudos de Máster en Enerxía e Medio Ambiente en España

Mercores, 05 Febreiro 2014 09:01



A **Fundación Iberdrola**, convoca un programa de bolsas para cursar estudos de *Máster en Enerxía e Medio Ambiente en España*, para o ano académico 2014-2015.

O *Programa de Bolsas* está dirixido a licenciadas/os ou título de grao, de nacionalidade española, estadounidense, mexicana ou brasileira que queiran realizar a súa especialización en universidades españolas nas seguintes áreas de coñecemento: enerxías renovables, sistema enerxético sostible, medio ambiente e biodiversidade, tecnoloxías limpas de carbón e xestión de emisións, eficiencia enerxética, almacenamento de enerxía, vehículo eléctrico, redes de distribución intelixentes.

Duración da axuda: máximo un ano natural.

No proceso de selección valoraranse aspectos como as cualificacións académicas, o currículo, o coñecemento de idiomas e as cartas de referencia que presenten as/os aspirantes.

Data límite: 3 de abril de 2014.

Máis información: <http://www.fundacioniberdrola.org/webfund/corporativa/iberdrola?IDPAG=ESFUNARESOSAB12>

Bolsas prácticas profesionais e de investigación turística en Oficinas Españolas de Turismo

Mercores, 05 Febreiro 2014 09:19



Convoca: Patronato Provincial de Turismo de Alicante.

Requisitos: dispoñer dunha licenciatura universitaria, ou equivalente, ou ben, dispoñer dunha diplomatura en turismo, ciencias económicas e empresariais, Marketing, socioloxía e xestión e Administración Pública, ou equivalente. As ditas titulacións deberon superarse con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2011 e antes da finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Coñecemento dos idiomas, inglés ou noruego, que se acreditará cun certificado «B2» do marco común europeo de referencia para as linguas.

Prazo de presentación de solicitudes: (20) días naturais a contar a partir do día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial da Provincia de Alicante (publicación 3 febreiro 2014).

Máis información: <http://www.dip-alicante.es/bop2/pdftotal/2014/02/04-02-14.pdf#page=56>

PREMIOS E CONCURSOS

Concurso de relatos de viaxe Mikel Essery

Xoves, 06 Febreiro 2014 08:46



O concurso está destinado a *escritor@s*, *viaxeir@s*, *profesionais* ou *afeccionad@s*, cara participar na elaboración de relatos de viaxe cuxo contido mostre converxencias co ideario viaxeiro de Mikel Essery.

Búscanse *relatos viaxeiros* que dende a experiencia vital particular de cada narrador/a se achegue a outras realidades sociais, culturais, naturais e humanas do planeta.

Os relatos presentados deberán estar escritos en euskera, castelán, catalán, galego ou inglés; non ser premiados en ningún outro certamen e ter unha extensión de ata 6.000 palabras.

Prazo de presentación: ata o 1 de maio de 2014.

Máis información: <http://www.mikelmunduan.net/castellano/condiciones.html>

Premio MonteLeón de Novela Corta

Venres, 07 Febreiro 2014 10:22



A **Fundación MonteLeón** convoca a terceira edición dos *Premios de Novela curta*.

As obras de tema libre, deberán ser inéditas cunha extensión mínima de 70 folios e máxima de 100.

Destinatarias: todos/as os autores/as españois ou estranxeiros que envíen as súas obras escritas en lingua castelá.

Premio: De 6.000 euros

Prazo de admisión: ata o 31 de marzo de 2014.

Máis información: <http://www.fundacionmonteleon.es/descargas/categoria12/4582093.pdf>

Concurso de música "Remix Europa"

Venres, 07 Febreiro 2014 10:48



O grupo do *PSE do Comité das Rexións* organiza o concurso de música "**Remix Europa**" destinado a tódolos residentes europeos maiores de 18 anos.

Trátase dun concurso de música en toda a UE para tódolos músicos/as, compositores/as e DJs, para que poidan expresar a súa identidade europea a través da música.

A **data límite de presentación** da túa propia versión do himno europeo é o 15 de febreiro de 2014.

Máis información: <http://www.injuve.es/convocatorias/premios/concurso-de-musica-remix-europa>

PREMIOS E CONCURSOS

EXPOSICIONS, CERTAMES E CONCERTOS

I Certame de Pintura de Aves

Mercores, 05 Febreiro 2014 08:31



SEO/BirdLife no marco de Doñana Birdfair e co obxectivo de fomentar a integración da conservación das aves e a natureza na cultura, convoca o I Certame de Pintura de Aves.

As obras deberán mostrar imaxes de aves silvestres ben como retratos ou ben como figuras no seu ambiente. Non se admitirán obras que representen variedades domésticas dalgunha especie.

Todas as técnicas pictóricas serán aceptadas. Iso exclúe a fotografía, o giclée, as impresións offset e as imaxes xeradas ou retocadas por ordenador. As técnicas de gravado, o monotipo, a serigrafía e as colaxes son admisibles. As obras deben ser bidimensionais e sobre un soporte único. Os dípticos ou trípticos non serán aceptados. As obras orixinais non poderán exceder de 1,5 m na súa dimensión maior.

As obras propostas deben ser subidas á páxina web de SEO/BirdLife www.seo.org/certamen-de-pintura antes da data de peche do prazo de recepción, o 20 de marzo de 2014.

Requisitos: O certame está aberto a todos os artistas españois e portugueses, afeccionados ou profesionais, de máis de 16 anos de idade. Cada candidato poderá presentar un máximo de tres obras.

Dotación: Outorgaranse dous premios, un por decisión do xurado e outro por votación popular recollida no curso da exposición e referendado pola organización. As obras premiadas e as finalistas serán publicadas na revista Aves e Natureza de SEO/BirdLife ou na súa páxina web.

Premio do xurado dotado cun importe de 1.000 € e diploma acreditativo.

O premio do público terá unha dotación de 500 € e diploma.

Máis información en www.seo.org

X Mostra de Teatro Concello de Sada. Premios Luguís Freire

Venres, 07 Febreiro 2014 11:08



O Concello de Sada convoca a **X Mostra de Teatro Concello de Sada. Premios Luguís Freire**.

Poderán concursar todos os grupos afeccionados que teñan interese. Cada grupo presentará a concurso o número de obras que desexe, das cales só poderá ser seleccionada unha.

As obras poderán ser representadas en calquera idioma.

Será imprescindible presentar, xunto coa inscrición, un vídeo do espectáculo completo, en formato DVD.

Inscrición:

A inscrición das obras presentadas ó certame será realizada por representante autorizado/a da compañía.

Na inscrición deberá constar:

Título do espectáculo/autor.

Sinopse.

Duración.

Reperto.

Características técnicas (medidas da escenografía, plano de luces, etc).

Coa inscrición deberán sinalarse os datos postais da persoa responsable, así como o domicilio fiscal da compañía ou grupo:

Nome e apelidos.

Dirección.
Teléfonos.
Correo electrónico.
Domicilio fiscal da compañía ou grupo.

Premios:

Outorgarase un premio de 400 € ó mellor espectáculo para o xurado.

Un premio de 400 € ó mellor espectáculo para o público, por votación directa en cada función.

Haberá un premio do xurado de 200 € á mellor actriz.

Outro premio do xurado de 200 € ao mellor actor.

O *Concello de Sada* aboará as seguintes cantidades para os grupos de teatro seleccionados:
100 € para grupos con domicilio fiscal situado a unha distancia de ata 50 km. de Sada.
200 € para grupos con domicilio fiscal situado a máis de 50km. e ata 150 km. de distancia de Sada.
300 € para grupos que teñan o seu domicilio fiscal situado a máis de 150 km. de Sada.

As funcións de presentación das obras seleccionadas na **X Mostra de Teatro do Concello de Sada, Premios Pintor Lloréns**, terán lugar dende o sábado 15 de marzo ata o domingo 30 de marzo de 2013, sendo o día 30 o da realización da *Gala de Clausura* e entrega de premios da X Mostra.

O **prazo de inscrición** estará aberto ata o 21 de febreiro de 2014.

Máis información en www.concellodesada.com e no BOP da Coruña do 7 de febreiro de 2014.

NOVAS DE EMPREGO

EMPREGO PUBLICO

Bolsas de traballo de funcionarios interinos

Martes, 04 Febreiro 2014 08:08

A Dirección Xeral de Xustiza convoca un proceso de formación de bolsas de traballo para desempeñar interinamente os postos de funcionarios dos corpos de xestión procesual e administrativa, de tramitación procesual e administrativa e de auxilio xudicial nos órganos da Administración de xustiza en Galicia.

Formarase unha bolsa de traballo e unha bolsa de reserva de ámbito provincial para cada un dos corpos de funcionarios, distribuídos, se fose o caso, de conformidade coas zonas de preferencia sinaladas polos solicitantes. Cada bolsa estará integrada polos candidatos seleccionados, ordenados nunha listaxe en función da puntuación que obtivesen na valoración dos méritos.

O formulario da solicitude está dispoñible en <https://www.xunta.es:444/sxpa/AIX/>

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 21 de febreiro de 2014.

Máis información no [DOG do 4 de febreiro de 2014](#).

Auxiliar de axuda no fogar en Punxín

Martes, 04 Febreiro 2014 15:21

O *Concello de Punxín* fai unha convocatoria para a contratación laboral dun/unha auxiliar de axuda no fogar.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 10 de febreiro de 2014.

Máis información no [BOP de Ourense do 4 de febreiro de 2014](#).

Convocadas 975 prazas de auxiliares de conversa.

Venres, 07 Febreiro 2014 13:02

O *Ministerio de Educación, Cultura e Deporte*, convoca estas prazas de conversa en centros educativos para o curso académico 2014-2015. Os países son: Alemaña, Bélxica, Austria, Canada, Francia, USA, Canadá, Irlanda, Malta, Nova Zelandia e Reino Unido. O prazo de presentación de solicitudes é de 15 días desde a publicación no BOE.

Máis información [BOE do 5 de febreiro de 2014](#).

Convocadas 52 prazas de bombeiros, da Deputación de Granada

Venres, 07 Febreiro 2014 13:03

As prazas son convocadas polo sistema de oposición. O prazo de presentación de solicitudes é de 20 días.
Máis información [BOE do 7 de febreiro de 2014](#).

NOVAS DE EMPREGO

EMPREGO PRIVADO

Ofertas do Servizo Público de emprego do 10/02/2014

Luns, 10 Febreiro 2014 08:33

Enfermeiros/as de coidados xerais

- Localidade: A Laracha (Coruña)
- Nº oferta: 12/2014/646
- Requisitos: necesítase enfermeiro/a xerocultor/a.

Cociñeiros/as, en xeral

- Localidade: Coruña, A
- Nº oferta: 12/2014/658
- Requisitos: necesítanse cociñeiros/as con 60 meses de experiencia.

Profesores/as de idiomas, en xeral

- Localidade: Ourense
- Nº oferta: 12/2014/691
- Requisitos: precísase profesor/a con dominio do idioma chinés para dar clases de español a nenos/as chineses.

Modistos/as de arranxos e composturas

- Localidade: Coruña, A
- Nº oferta: 12/2014/714
- Requisitos: necesítanse modistos/as de arranxos e composturas con 36 meses de experiencia.

Empregados/as administrativos/as de seguros

- Localidade: Coruña, A
- Nº oferta: 12/2014/725
- Requisitos: necesítanse empregados/as administrativos/as de seguros.

Enfermeiros/as de coidados xerais

- Localidade: Ourense
- Nº oferta: 12/2014/801
- Requisitos: necesítanse enfermeiros/as de coidados xerais con 36 meses de experiencia.

Mais Información: teléfono 902 125 000.

NOVAS DAS CASAS DE XUVENTUDE E OMIX

Curso de Baile Moderno. OMIX de Mos

Mercores, 05 Febreiro 2014 08:08

CURSO
BAILE MODERNO

do **12** de febreiro
ao **30** de abril

Lugar:
Pavillón Óscar Pereiro
Horario:
luns e mércores de 21 a 22 h.
Prazas limitadas
Prazo inscrición:
do 27 de xaneiro ao 10 de febreiro no Rexistro do Concello
Beneficiarios/as:
mozos/as maiores de 16 anos, empadroados/as en Mos
Prezo: **20€/persoa** (20 horas)

Máis información: 986 33 94 04



Nuevas Actividades

Xoves, 06 Febreiro 2014 11:03



Más información:

O.M.I.X. Oficina Municipal de Información Xuvenil
Manuel Araujo Montero
Nova Casa da Xuventude, Rua Porta Nova de abaixo, n. 9. 32400 Ribadavia (Ourense), España

Tel: +34 988 471 929, **Fax:** +34 988 477 101

E-mail: omix_ribadavia@yahoo.com


Web-site: <http://www.omixribadavia.wordpress.com>

Facebook: <http://www.facebook.com/casadxuventude.ribadavia>

.....

NOVAS DAS CASAS DE XUVENTUDE E OMIX ➡ CASA DA XUVENTUDE

contannos EXPERIENCIAS "ERASMUS" no Espazo Xove de Ourense



Venres, 07 Febreiro 2014 10:14

Alba, Leticia, María, Antonio e Judih, participantes no **"Programa ERASMUS"**,cóntannos a súa experiencia en Portugal, Florencia e Alemania.

Martes día **11 de febreiro** ás 20:15 horas .

Espazo Xove (Casa da Xuventude) de Ourense.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de
Xuventude e Voluntariado



xuventude.net